



Carvalho Calero

Letras Galegas 2020

Pequena biografía



- Velaquí a biografía do noso homenaxeado. Está escrita en norma reintegracionista, que foi a que el defendeu. Tamén o seu nome o escribimos así porque era a súa vontade.

RICARDO CARVALHO CALERO (Ferrol 1910-Compostela 1990) foi um dos maiores intelectuais galegos do século XX, tanto como ensaísta e criador como por ser um incansável galeguista. Interessou-lhe desde cedo a literatura e a política, estudando na Universidade de Santiago. Em 1933 casa com a companheira de estudos María Ignacia Ramos. A Guerra Civil frustra a sua trajetória e depois de lutar no bando republicano é *retaliado* pela ditadura franquista. Em 1965 torna-se o primeiro professor de galego da Universidade. A partir de 1975 começa a defender as posições reintegracionistas para o galego, o que provocaria, outra vez, que fosse marginalizado por muitas instituições.

retaliado: represaliado, que sufriu represalias


Tarefa 1

- Que é o reintegracionismo?
- Estás de acordo coa postura que defende?
- Observa a imaxe e indica que cres que quiere dicir Carvalho Calero con esta afirmación: *O galego ou é galego-português ou é galego-castelhana*



Foto: Mural en Santiago de Compostela

A súa gramática



Carvalho Calero dedicou parte da súa vida a estudar a lingua que falaba e en 1966 decidiu compartir todo o que sabía publicando esta gramática.

Foi un texto fundamental nunha época en que se facía necesario un traballo de tales características. Contou con sete edicións, o que non é habitual para un traballo así.

A editorial Galaxia, motor da vida cultural dende os anos 50, foi quen a publicou.

Tarefa 2




Le as palabras do profesor Carvalho Calero:

- A partir do texto, explica por que Carvalho Calero decide escribir a Gramática.
- Imaxina que es Carvalho Calero e que, como el, queres contribuír a normalizar a lingua. Que cres que sería necesario crear na actualidade do que aínda carece o galego?

[...] non había nengunha gramática galega a disposición dos lectores: estaban esgotadas as gramáticas clásicas máis ou menos científicas, a de Mirás, a de Cuveiro, a de Saco e Arce. Entón pedíuseme que escribese unha gramática, que se publica no ano 66.


Esa gramática foime solicitada polos amigos que programaban a actividade editorial de Galaxia con vistas a proporcionar aos estudosos e aos estudantes de galego un instrumento que lles permitise orientarse no coñecimento da lingua galega sobre a base de métodos e enfoques modernos.

A súa Historia da Literatura Galega



Carvalho dedicou parte da sua vida a estudar a obra dos escritores e as escritoras galegas. Para mostrar ao mundo todos os seus descubrimentos literarios publicou en 1963 a Historia da Literatura Galega Contemporánea. Grazas a este traballo, hoxe coñecemos en profundidade figuras da importancia de Rosalía de Castro.

Tarefa 3





- Cantos anos lle dedicou Carvalho Calero a realizar a súa Historia da literatura?
- Quen lle encomendou este traballo?

“Desde o día do ano 1953 –se non me trabuco- en que Ramón Piñeiro me visitou en Fingoi para solicitar de min formalmente que me puxese –como inmediatamente fixen- mans a esta obra, a historia da literatura galega, a historia da lingua galega, a historia de Galiza e a miña propia humilde historia atravesaron por tanto días e traballos que, para ben ou para mal, non poden menos de afectar á realización deste empeño en relación coa imaxe que o autor posúe do que sería o arquetipo da tarefa”


*Fingoi: Colexio de Lugo no que traballou como profesor.

A súa obra literaria

- Á parte dos seus estudos lingüísticos e literarios e dos seus ensaios e traballos científicos, foi autor de poesía, narrativa e teatro. Velaquí algúns exemplos:



Tarefa 4



Investiga. Das obras das imaxes anteriores, cal delas é...

- A novela pola que recibiu o Premio da Crítica de Narrativa Galega en 1987?
- Un exemplo de obra poética?
- A primeira obra publicada en galego despois da Guerra Civil? En que ano se publicou?
- Un exemplo de obra de teatro?

Vídeos de interese

- Vida e obra. Realizado polo alumnado de 5ºEP Colexio Pío X (Ourense)

<https://www.youtube.com/watch?v=nwhKFNhemxY>

- Traballo do alumnado do IES de Arzúa sobre a figura de Carvalho Calero

<https://www.youtube.com/watch?v=6jk-UHD3Xms>

- Ricardo Carvalho Calero falando sobre a lingua galega e o seu modelo lingüístico (reintegracionismo)

<https://www.youtube.com/watch?v=O3ZGMz2m4Tgç>

<https://carvalho2020.gal/>



<https://academia.gal/letras-actual>